

PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN NO CURSO DE ADAPTACIÓN AO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CURSO PONTE) PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022

De acordo coa norma 2.7 da *Convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao para o curso académico 2021/2022* (RR do 31/05/2021) establécese o procedemento para a admisión no Curso de Adaptación ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Curso Ponte) da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.

1. REQUISITOS DE ACCESO:

Para poder acceder ao Curso Ponte haberá que estar en posesión de algún dos seguintes títulos oficiais:

- Diplomado en Relacións Laborais (RD 1429/1990, do 26 de outubro)
- Graduado Social Diplomado (RD 1524/1986, do 13 de xuño)
- Graduado Social (plans de estudos anteriores a 1980, sempre que obtivesen a equiparación académica de conformidade co RD 921/1980)

2. NÚMERO DE PRAZAS: 20

3. CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- As **15** primeiras **prazas** adxudicaranse de acordo co baremo seguinte:
 - **Expediente académico da titulación de acceso (90%).**
A nota media do expediente calcularase de acordo co protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, Resolución do 15-09-2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o establecido no RD 1125/2003.
 - **Outra titulación universitaria oficial distinta á de acceso ao Curso Ponte (10%).**
 - Por cada Licenciatura: 0,1 puntos
 - Por cada Grao: 0,05 puntos
 - Por cada Diplomatura: 0,03 puntos
 - Por cada Máster: 0,02 puntos

En caso de empate, se priorizarán os egresados da Universidade de Vigo.

- **5 prazas** adxudicaranse por antigüidade de colexiación no Colexio Oficial de Graduados Sociais. En caso de igualdade de condicións, se priorizarán os colexiados no Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.

De non cubrirse na súa totalidade as prazas reservadas para algún dos cupos, o número de vacantes acrecerá directamente ao outro.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude presentarase pola [sede electrónica](#) da UVigo ou presencialmente na Secretaría de Alumnado do centro no prazo **do 1 de xuño ao 12 de xullo de 2021**, xunto coa a seguinte **documentación**:

- DNI.
- Título universitario oficial que da acceso ao curso.
- Certificación académica coas cualificacións obtidas para os efectos de valoración do expediente.

Aquelas persoas que acadaran a Diplomatura en Relacións Laborais pola Universidade de Vigo estarán exentas de presentar a devandita documentación xa que obra en poder desta administración.

Documentación para a valoración dos criterios específicos:

- Quen acadara outra titulación universitaria oficial distinta á requerida para o acceso, noutra universidade, deberá presentar copia deste/s título/s.
- Para o cupo de prazas correspondente á antigüidade de colexiación deberase xuntar certificación do Colexio Oficial de Graduados Sociais que permita valorar o devandito criterio.

5. PRAZOS

- Presentación de solicitudes: **do 1 de xuño ao 12 de xullo**
- Publicación de listaxes provisorias de solicitudes admitidas a trámite: **14 de xullo**
- Presentación de reclamacións: **15 e 16 de xullo**
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: **19 de xullo**
- Publicación de listaxes provisorias de persoas admitidas para matricularse: **21 de xullo**
- Presentación de reclamacións: **22 e 23 de xullo**
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas para matricularse: **27 de xullo**
- Matrícula das persoas admitidas: **do 30 de agosto ao 15 de setembro de 2021**

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Secretaría de Alumnado do centro tras examinar a documentación presentada, publicará a listaxe provisorio de persoas admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión e as persoas interesadas disporán do prazo do 15 ao 16 de xullo para emendar os erros e a falta de documentación. A documentación e/ou reclamación correspondente presentárase pola [sede electrónica](#) da UVigo ou directamente na Secretaría de Alumnado do centro.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite, se o número de solicitudes de admisión é maior que o número de prazas ofertadas a Comisión de Recoñecementos e Validacións do centro efectuará a selección de acordo cos criterios especificados no apartado 3 e publicarase a listaxe provisorio de persoas admitidas de acordo coas puntuacións obtidas, así como a listaxe de agarda, de ser o caso, para posibles vacantes. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións a estas listaxes pola [sede electrónica](#) da UVigo ou na Secretaría de Alumnado do centro no prazo do 22 ao 23 de xullo. Revisadas as reclamacións pola Comisión, esta elevará proposta de resolución da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas así como a listaxe de agarda, de ser o caso, para posibles vacantes, ao Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, para a súa publicación.

As listaxes definitivas darán lugar á interposición dos recursos recollidos no artigo 112 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A adxudicación da praza concedida queda condicionada á formalización da matrícula no prazo establecido na *Convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao para o curso académico 2021/2022*.

De non formalizarse a matrícula de todas as prazas adxudicadas, e no caso de que exista listaxe de agarda efectuaranse chamamentos a seguinte persoa da lista de agarda a fin de que non queden prazas vacantes.

No caso de que finalizado o procedemento quedasen prazas vacantes, a Dirección do centro valorará a conveniencia de admitir solicitudes fóra de prazo antes do período ordinario de matrícula.

7. MATRÍCULA E PREZOS

As persoas que resulten admitidas no Curso Ponte, deberán formalizar a matrícula no prazo **do 30 de agosto ao 15 de setembro de 2021** a través da [Secretaría virtual](#), para o que deberán [Crear conta na Secretaría Online](#) ou [Recuperar datos de acceso](#), no caso de que xa estiveran dadas de alta nos servizos electrónicos da Uvigo con anterioridade.

Os prezos públicos que se deben aboar á Universidade de Vigo pola prestación de servizos académicos e administrativos calcularanse segundo establece o Decreto da Xunta de Galicia así como as normas económicas de aplicación que resolva a Universidade de Vigo para o curso académico 2021/2022.